



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de prescricións técnicas foi aprobado por acordo plenario adoptado na sesión..... de data.....  
Bueu, .....de 2015  
A secretaria do concello  
Nuria Lobato Del Río

**PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS DO ARRENDAMENTO DUN BEN INMOBLE (LOCAL DE OFICINAS) POR CONCURSO PÚBLICO PARA DESTINALO A OFICINA MUNICIPAL.**

1. OBXECTO DO CONTRATO
2. PRECIO BASE DA LICITACIÓN
3. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN
4. REQUERIMENTOS TÉCNICOS DO LOCAL
  - 4.1.- Ubicación do inmoble
  - 4.2.-Requisitos mínimos do inmoble
5. OBRIGAS DO CONTRATISTA



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de prescricións técnicas foi aprobado por acordo plenario adoptado na sesión..... de data.....  
Bueu, .....de 2015  
A secretaria do concello  
Nuria Lobato Del Río

## **PREGO DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS DO ARRENDAMENTO DUN BEN INMOBLE (LOCAL DE OFICINAS) POR CONCURSO PÚBLICO PARA DESTINALO A OFICINA MUNICIPAL.**

### 1. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente contrato o arrendamento dun local con destino a dependencias municipais cunha superficie útil mínima (excluído o espazo destinado a cuartos de instalación) de 200 m<sup>2</sup>.

No suposto de ofertarse un local de dimensións menores á establecida non se admitirá dita oferta

### 2.- PRECIO BASE DA LICITACIÓN:

O importe máximo mensual do arrendamento é de 550 € mensuais, IVE excluído, sendo o IVE aplicable do 21% que ascende á cantidade de 115,5 €, o que supón un total de 7986 € anuais, IVE incluído

### 3.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios que servirán de base para a adxudicación son os que se detaian na cláusula 10 dos pregos de cláusulas administrativas particulares reguladores da contratación (PCAP)

### 4.- REQUERIMENTOS TÉCNICOS DO LOCAL

O ben inmoible obxecto do arrendamento deberá cumprir cos requisitos da normativa vixente en materia de edificación no que respecta, entre outros, ás condicións de protección contra incendios, normativa técnica en relación coas cimentacións, estruturas, fachadas, instalacións, etc.

#### 4.1.- Ubicación do inmoible:

Dentro do casco urbano do Concello de Bueu, con acceso directo dende a rúa e situado en planta baixa, cumprindo os requisitos esixibles ao abeiro da lei 8/97 e decreto 35/2000 de supresión de barreiras arquitectónicas en Galicia no referente a accesibilidade dende a vía pública.

A distancia máxima ó edificio da Casa do Concello (Eduardo Vincenti 8) será de 200 m.

Deberá estar permitido o uso "Oficinas" segundo as NNSSMM de Planeamento e o Documento de Aprobación inicial do PXOM.

#### 4.2. Requisitos mínimos do inmoible:

- Superficie útil mínima: 200 m<sup>2</sup>.
- Dispoñer de 2 aseos, como mínimo un adaptado segundo o Decreto 35/2000 ou con posibilidade de adaptalo.
- Instalacións básicas:

Instalación eléctrica e de fontanería en perfecto estado de funcionamento.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de prescricións técnicas foi aprobado por acordo plenario adoptado na sesión..... de data.....  
Bueu, .....de 2015  
A secretaria do concello  
Nuria Lobato Del Río

Cuadro de protección e control debidamente timbrado.

Alumbrado de emerxencia.

Caso de que o local ofertado esté revestido e listo para o seu uso, deberá contar con informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal de adecuación do mesmo ás necesidades de uso.

No caso de que o local ofertado non estivese revestido nin listo para o seu uso, deberase garantir polo licitador adxudicatario no momento da entrega os seguintes requerimentos técnicos:

#### SOLADO

Plaqueta de gres cerámico en cor elexida polo Concello ou tarima flotante.

#### FALSO TEITO

Falso teito registrable de placas de escayola alixerada con perfilería vista branca anticorrosiva.

#### REVESTIMENTO

En aseos alicatado con azulejo branco brillo 20 x 20 cm.

En paramentos verticais guarnecido e enlucido de yesi ou no seu caso trasdosado en pladur.

#### TABIQUERIA

Corresponderalle o Concello de Bueu o subministro e montaxe da tabiquería interior.

#### PINTURAS

No interior aplicarase pintura plástica lisa (cor a elixir polo Concello).

#### CARPINTERIA INTERIOR

As portas de paso, accesos a aseos e interiores dos mesmos, de madeira prefabricada e acabado en cor a decidir polo Concello.

#### CARPINTERIA EXTERIOR

Executada con perfís de aluminio anodizado con cristal dobre.

#### APARATOS SANITARIOS

Dous inodoros de tanque baixo e lavabos de porcelana vitrificada.

Grifería monomando en lavabo.

#### INSTALACION ELECTRICA



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de prescricións técnicas foi aprobado por acordo plenario adoptado na sesión..... de data.....  
Bueu, .....de 2015  
A secretaria do concello  
Nuria Lobato Del Río

Acometida eléctrica realizada dacordo co regulamento electrotécnico de baixa tensión e as Normas da Compañía Subministradora, mediante unha Caixa de Protección Xeral e centralización de contadores.

Instalación de alumeadado mediante luminarias fluorescentes de 4 x 18 W de 60x60 cm para colocación no falso teito (cantidade, encendidos e distribución a determinar polo Concello).

Tomas de forza con circuitos separados para corrente limpa e sucia, cantidade e distribución a determinar polo Concello.

#### INSTALACION DE FONTANERIA E SANEAMENTO

Acometida de agua individual dende centralización de contadores.

O saenamento realizarase con tuberías de PVC.

#### 5.- OBRIGAS DO CONTRATISTA

O contratista queda obrigado á entrega do local nun prazo máximo de 60 días naturais, a contar dende o día despois da notificación da adxudicación do arrendamento.

O contratista queda obrigado a contratación dos contadores eléctricos e de agua correspondendo o Concello o abono dos subministros realizados durante a vixencia do contrato no senso sinalado na cláusula 15 dos PCAP

Bueu, a 24.03.2015

O arquitecto técnico municipal

Alfredo de la Campa Fervenza